



Renovación Consello Escolar 2018_[3]_ACTA 1ª XUNTA ELECTORAL

PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

En Narón e sendo as 9:00 horas do día 8 de novembro de dous mil dezaioito, réunense na Secretaría do CEIP A SOLAINA, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- o Director do Centro, D. XOSÉ NEL COMBA PAZ que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a todos os presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- **Presidente:** D. XOSÉ NEL COMBA PAZ.
- **Vogais:**
 - D^a. NEREA LORENZO ANEIROS (Profesora).
 - D^a. M^a DOLORES FANO ANEIROS (Nai).
 - D. GUILLERMO LÓPEZ HERNÁNDEZ (Persoal de administración e servizos).

Actúa como *Secretaria* a profesora, D^a. NEREA LORENZO ANEIROS.

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- **Día 8 de novembro (9:00h):** (Celebración da 1ª reunión da Xunta Electoral):

-Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores e pais/nais/titores.

-Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.

• **Día 19 de novembro (9:00h):** (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):

-Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.

-Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.

-Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.

-Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais (12:00 h)

• **Día 27 de novembro:** Celebración das votacións de:

-Profesorado.

-Pais, nais e titores legais do alumnado.

• **Día 28 de novembro (9:00h):** Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral:

-Proclamación de candidatos electos.

-Traslado ao xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director, como Presidente da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 09:20 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretaria, dou fe.

Vº E PRACE:

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: XOSÉ NEL COMBA PAZ

Asdo.: NEREA LORENZO ANEIROS

Por ausencia: IRIA REGUEIRO LOSADA

OS VOGAIS,

Asdo.: Mª DOLORES FANO ANEIROS

Asdo.: GUILLERMO LÓPEZ HERNÁNDEZ

